

EXPOSICIÓNS

15 NOVEMBRO 2022 - MARZO 2023
INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS NA
REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

Trátase dunha serie de intervencións artísticas, que partindo dun diálogo co contido de tres museos da Rede Museística Provincial de Lugo, permiten abordar varias temáticas vencelladas ás problemáticas dos coidados desde unha perspectiva feminista.

No Museo Fortaleza San Paio de Narla (Friol) visibilízase o labor das coidadoras de persoas maiores ou dependentes, na súa relación coa creación e a vida, suprimindo a división entre coidadora e coidada. *Cuidadorxs Invisibles*(1) é un proxecto artístico promovido por **Marta Fernández Calvo** xunto con Daniela Ruiz Moreno e realizado en colaboración con Javier Aquilué, Paz Martín Rodríguez, María Jerez e Su Garrido Pombo. Cuidadorxs non profesionais de persoas con enfermidades dexenerativas narran a súa experiencia a través de obradoiros virtuais, para logo formar parte do Arquivo Sonoro dos Coidados. O vídeo *Cuidándonos* de **Patricia Bobillo Rodríguez** (2) relata o día a día de dúas mulleres que conviven e comparten axuda desde hai 30 anos. En *Os fíos do tempo*, un traballo íntimo e autorreferencial de **Carmen Llonín** (3) realizado xunto coa súa nai Rosa Llonín, fotografías e bordados entralazan dúas xeracións.

No Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos) móstrase a creación artística en relación á maternidade e á crianza. Estas pezas dialogan con obxectos expostos no museo, coma o berce, a mecedora ou as pezoneiras de cristal. **Andrea Costas Lago** (4) presentará por primeira vez o vídeo-performance *Feliz*, sobre o destete dos seus fillos xemelgos, que forma parte do proxecto *Desapego*; xunto cunha nova peza sonora realizada a partir do arrollo de durmir aos seus bebés. **Xisela Franco** (5) na vídeo-instalación *Vía Láctea* representa unha maternidade en movemento, na que aparece ela mesma amamantando a súa filla nunha atmósfera acuática e inqueda. **Ana Gesto** (6) realiza varias foto-accións e vídeo-accións xunto a súa filla Berta, a partir doutros proxectos (como a baralla *Mujeres Dadá* promovida por Ediciones Canibaal, ou a performance *Dó de peito*). **Andrea Hauer** (7) en *Second Skin Abstract* utiliza materiais reciclados da cotidianidade —como camisetas usadas polos seus fillos ou ramas atopadas— para aludir ao traballo de coidados no ámbito privado.

No Museo Provincial do Mar (San Cibrao, Cervo) as pezas seleccionadas céntranse no papel de coidadoras das mulleres traballadoras, que ou ben teñen que compaxinar ambos roles no seo familiar, ou deben ocuparse dos coidados de persoas alleas para que outras persoas poidan traballar. No proxecto *Y, ¿dónde están las mujeres?*, **Elizabeth Ross** (8) entrevistou, entre 2013 e 2015, a unha serie de mulleres migrantes tanto en España como en México, que proveñen de diferentes países: coidadoras doutros que buscan selo tamén de si mesmas, para reflexionar sobre a migración desde unha perspectiva de xénero. **Mar Caldas** (9) intervéñ na fachada do museo cunha selección de 6 fotografías realizadas a mulleres traballadoras/coidadoras na Comarca do Rosal para o proxecto *100% Contigo*, no que buscaba celebrar a sororidade. No interior do Museo poderanse visionar os 100 retratos realizados xunto cun texto no que se explica quen é cada unha.


Anxela Caramés
Comisaria




1



2



3



4



5




6



7



8



9



COIDADOS VULNERABILIDADES E DEPENDENCIAS

OLLADAS DESDE
OS FEMINISMOS



A SOSTIBILIDADE DA VIDA E OS COIDADOS NOS DEBATES FEMINISTAS DESDE A ARTE E O PENSAMENTO

Esta é unha aproximación multidisciplinar que quere colocar os coidados no centro do debate, tras constatar a necesidade de intervir criticamente no espazo público. De que xeito se resoven na nosa sociedade ó ámbito do coidado ao/á outro/a? Abordarase a organización social do traballo doméstico e dos coidados, a maternidade e o seu exercicio en (in)compatibilidade con outros procesos vitais, a precariedade. Falarase do binomio traballo doméstico en relación ás mulleres migrantes, da sobrecarga familiar das que traballan nas súas casas, dos problemas e os retos da crianza desde a ollada de artistas que son nais, e tamén a complexidade dos coidados ás persoas maiores e dependentes.

Esta temática será pensada e reflexionada a través dunhas xornadas que se articulan en torno a conferencias, mesas redondas, un obradoiro de autoentnografía e unha proxección dun filme documental, que se desenvolverán na Fundación Luis Seoane da Coruña, así como unha serie de intervencións artísticas ubicadas en tres espazos da Rede Museística Provincial de Lugo.

XORNADAS

13 DE OUTUBRO - 17 DE NOVIEMBRE 2022

FUNDACIÓN LUIS SEOANE | A CORUÑA

Xoves 13 outubro
18.30 h
Inauguración
Coidados, vulnerabilidades e dependencias

Cristina López Villar
Vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte da Universidade da Coruña

Tareixa Antía Ferreiro Tallón
Vicepresidenta da Deputación de Lugo

Encarna Lago
Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo

Silvia Longueira
Directora da Fundación Luis Seoane, A Coruña

19 h - 20.30 h
Mesa redonda
Abordaxe feminista dos coidados para a transformación social

Carmen Castro García
Economista feminista especializada en modelos de benestar, políticas europeas de xénero e en sistemas de permisos por nacemento

Antía Pérez Caramés
Profesora de Socioloxía da Universidade da Coruña

Iria Vázquez Silva
Profesora de Socioloxía da Universidade de Vigo



COIDADOS VULNERABILIDADES E DEPENDENCIAS

OLLADAS DESDE OS FEMINISMOS

Xornadas dirixidas e coordinadas por:

Anxela Caramés
Comisaria, crítica de arte e investigadora feminista

Antía Pérez Caramés
Profesora de Socioloxía da Universidade da Coruña

Iria Vázquez Silva
Profesora de Socioloxía da Universidade de Vigo

✱
De precisar servizo de linguaxe de signos e/ou ben servizo de conciliación para crianzas para algunha das sesións, haberá que solicitalo cando menos con 72 horas de antelación no email de contacto:
coidadosxornadas@gmail.com
O servizo ofrecerase baixo demanda

Mércores 19 de outubro
19 h - 20.30 h
Mesa redonda
As cidades e os coidados

María Novas
Arquitecta, Mestrado en Investigación Aplicada en Estudos Feministas e Mestrado en Rexeneración Urbana e Rehabilitación. Autora de *Arquitectura e xénero: unha introdución posible*

Emma López Bahut
Profesora de Arquitectura na Universidade da Coruña

Col·lectiu Punt6
Coperativa de arquitectas, sociólogas e urbanistas que repensa espazos domésticos, comunitarios e públicos desde unha perspectiva feminista

Modera:
Antía Pérez Caramés

Roteiro
A cidade coidadora
Percorrido urbano para analizar colectivamente os espazos desde a perspectiva da vida cotiá e o urbanismo feminista

Col·lectiu Punt6

A asistencia é gratuita previa inscrición no email de contacto:
coidadosxornadas@gmail.com

Mércores 2 de novembro
19 h - 20.30 h
Proxestión do documental
Territorio Doméstico: politizando las ollas, las calles y los mandilones
Dirixido por **Mayo Pimentel**

Modera:
Anxela Caramés

Xoves 3 de novembro
19 h - 20.30 h
Mesa redonda
Activismo, migracións e coidados

Mau Monleón Prada
Artista e comisaria feminista, profesora de Arte público e activismo na Universitat Politècnica de València

Trinidad Palacios Raposo
Voceira da Plataforma Servizo Atención no Fogar Galiza e Sociosanitaria do Servizo de Atención a Dependentes no Fogar

Rafaela Pimentel
Voceira do colectivo Territorio Doméstico e promotora do Sindicato de Traballadoras do fogar e os Coidados, SINTRAHOCU

Modera:
Iria Vázquez Silva

Xoves 10 de novembro
19 h - 20.30 h
Mesa redonda
Os coidados na escrita

Esther Carrodegua
Actriz e dramaturga, foi directora da compañía amadora Teatro Airiños e na actualidade comparte xunto a Xavier Castiñeiro a plataforma teatral ButacaZero. Autora do poemario *Malcriada*

María Marco
Comisaria e crítica de arte, autora de *Coidadora*, Premio Xerais de ensaio

Rocío Leira
Matemática, educadora e escritora, recibiu os premios Iletarios Anxel Fole, Díaz Jácome e Jules Verne. Autora de *Veleno en familia*

Modera:
Antía Pérez Caramés

Xoves 17 de novembro
19 h - 20.30 h
Mesa redonda
As prácticas e os coidados

Carolina del Olmo
Filósofa, responsable da Revista Minerva do Círculo de Bellas Artes (Madrid), autora do ensaio *¿Dónde está mi tribu? Maternidad y crianza en una sociedad individualista*

Luisa Fuentes Guaza
Investigadora independente sobre epistemoloxías feministas, creadora do proxecto *Centro hacedor de futuridades maternas*

Proxecto A Morada
Cooperativa feminista creada en Vigo por Ana Martínez González, Fedra Alcaraz Ladrero e María José Gayoso; desde abril do 2022 funciona como un lugar de lecer, asesoramento e formación en relación ás cuestións dos coidados

Modera:
Anxela Caramés

OBRADOIRO

SÁBADOS 12 E 26 DE NOVIEMBRE

FUNDACIÓN LUIS SEOANE | A CORUÑA

10.30 h - 13.30 h

O cuarto lado do triángulo. Unha viaxe polos coidados da man da etnografía feminista
Neste obradoiro reflexionarase sobre os coidados a través das ferramentas da etnografía feminista, incorporando tamén a mirada da facilitación de grupos e os procesos de creación artística. Unha viaxe do íntimo ao común na que extraer aprendizaxes e devolvelas ao mundo a través da creatividade.

Cooperativa Rexenerando Olga Romasanta
Historiadora da arte especializada en facilitación de grupos e memoria colectiva. Socia dun equipo multidisciplinar creado en Ferrol xunto con Andrea Rico, Martín V. Añel e Marcos Abalde. Desde 2014 desenvolven proxectos para a transformación social hibridando xénero, participación e cultura.

Número de asistentes: 20
Sala de reunións do Padroado da Fundación Luis Seoane

A participación no obradoiro é de balde até esgotar as 20 prazas segundo a orde de inscricións no mail de contacto:
coidadosxornadas@gmail.com